

Contidos para o Segundo Curso de Bacharelato

A. *Conceptos*

I. *A música cotiá*

- A música nos medios audiovisuais. Características de cada medio. Funcións. Interacción entre imaxe e son.
- A música e a publicidade. Funcións da música neste ámbito. Exemplos.
- Manifestacións e referencias visuais da música. Partituras, instrumentos musicais, imaxes e símbolos nas artes plásticas. Portadas e material gráfico que acompaña os discos ou outro tipo de gravación.

II. *Creación e difusión da música*

- A edición de partituras. A gravación da música. A comercialización de produtos musicais.
- A profesión de músico: compositores, arreglistas, intérpretes, cantantes, instrumentistas, directores, profesores. Carreiras universitarias relacionadas coa música.
- A crítica como medio de información, análise e valoración do feito musical.
- A música no cine: características, funcións, historia. A banda sonora orixinal nos distintos tipos de filmes (western, drama, terror, comedia, intriga...)

III. *A obra musical*

- A música clásica ata o século XX: correntes principais, representantes e obras.
- A ópera: principais autores e obras máis representativas nos distintos periodos da historia da música.
- O compositor e o seu tempo: época, lugar e entorno xeográfico. Relación coas correntes artística e filosóficas da época.
- A obra musical como proposta de comunicación entre o compositor e o público. O papel do intérprete. Principais intérpretes de música clásica ó longo da historia.
- A música Folk: o folk nos distintos países, o folk galego (características, instrumentos, representantes). A música popular e tradicional galega (tipo de cantigas, danzas e instrumentos). A música celta. A música das distintas comunidades do noso país.
- A música New Age: características e representantes.

- Os cantautores. Relación música – sociedade. A canción protesta. Principais cantautores dende os anos 60 ata os nosos días.

IV. *A práctica musical*

- A expresión musical e a comunicación.
- Cancións a unha e varias voces, en canon ou a terceiras, con e sen acompañamento instrumental.
- Linguaxe musical: repaso e ampliación dos conceptos adquiridos en cursos anteriores.
- Práctica instrumental: cancións para frauta doce e instrumentos de percusión da aula.
- O piano: bases musicais para a interpretación de obras sinxelas.
- A guitarra. Acordes básicos de acompañamento.

B. *Procedementos*

I. *A música cotiá*

- Reflexión acerca da expresión musical na nosa vida: actividade privada, persoal, familiar, de relación con amigos, no instituto... Estilo de música relacionado con cada ocasión.
- Análise dos distintos medios audiovisuais (radio, televisor, video, ordenador) para coñecer e analiza-lo uso que se fai da música neles.
- Producción de pequenos traballos audiovisuais en grupo, no que algún elemento que o compoña sexa orixinal.
- Busca de imaxes nas que aparezan determinados produtos comerciais que sean susceptibles de comentario musical.

II. *Creación e difusión da música*

- Reflexión acerca das distintas actividades profesionais que require a creación e difusión da música.
- Actividade de dobraxe de películas e manipulación da música en anuncios publicitarios e filmes para analiza-las variacións e distintos efectos que se producen.
- Análise da función da música en películas de distinto xénero. Visionado e análise de películas e fragmentos de películas destacadas pola súa banda sonora ou polo uso que nelas se fai da música.
- Audición de distintas bandas sonoras destacadas na historia do cinema e traballos de

investigación sobre os compositores.

- Visionado e análise dalgún musical famoso.
- Realización de anuncios simulados para emisoras de radio ou televisión, utilizando adecuadamente a música en cada caso, e gravación posterior do traballo para comentalo críticamente.
- Audición de concertos *in situ*.

III. A obra musical

- Audición global de obras representativas.
- Análise dalgunha composición mediante a audición. Recoñecemento dos elementos estruturais que constitúen a súa forma musical. Identificación dos trazos característicos do estilo de cada autor.
- Utilización de partituras e outros recursos musicais que faciliten a comprensión da forma, estilo, etc...
- Lectura e comentario de textos significativos referentes a obras ou estilos de autores e épocas estudiadas ou tratadas.
- Utilización de diversas fontes de información para a elaboración de traballos nos que se estableza unha relación entre determinadas obras musicais e a súa presenza na vida musical actual.
- Interpretación de pezas, fragmentos ou versións adaptadas de obras que fomenten a creatividade e faciliten a súa comprensión.
- Traballos creativos relacionados cos estilos musicais tratados ou inspirados nas audicións escoitadas (murais, traballos artísticos, traballos literarios...)

IV. A práctica instrumental

- Práctica dun repertorio vocal histórico e moderno a unha e varias voces, con e sen acompañamento instrumental.
- Aplicación de destrezas instrumentais (láminas, teclados, frautas...) para interpretar determinadas pezas e para realizar acompañamentos.
- Utilización de distintos recursos para a improvisación musical. Invención de melodías para aplicar a textos e viceversa.
- Práctica vocal e instrumental dun repertorio de música popular das distintas comunidades, incluída a galega, así como dos distintos estilos tratados (folk, New age...)

C. Actitudes

I. A música cotiá

- Interesarse por coñecer e respecta-las normas que rexen o comportamento dos espectadores nos distintos espectáculos musicais.
- Interese polo coñecemento analítico dos medios audiovisuais máis aló do simple uso.
- Actitude creativa na manipulación e na elaboración dos traballos audiovisuais.
- Respecto polas aportacións dos compañeiros e interese polas actividades propostas.

II. Creación e difusión da música

- Interese por coñecer-las posibilidades musicais das novas tecnoloxías
- Aprecio pola partitura como recurso para a difusión da música.
- Actitude crítica ante o uso que se fai da música na publicidade dos medios audiovisuais.
- Interese polas actividades propostas.

III. A obra musical

- Interese por afondar no coñecemento das composicións musicais de distintos estilos.
- Interese e participación nos traballos relativos ó análise da música.
- Respecto pola música doutras rexións, outros países e da propia comunidade, así como polos distintos estilos tratados.
- Interese e atención nas audicións dos distintos estilos escoitadas na aula.

IV. A práctica musical

- Actitude positiva na aprendizaxe de distintas actividades de expresión musical.
- Interese pola adquisición dun repertorio como medio de enriquecemento da cultura musical.
- Interese pola aprendizaxe de novos conceptos de linguaxe musical e polo repaso e práctica dos xa coñecidos.
- Valoración da improvisación como medio de riqueza para a expresión musical.